



FLIS-FLI-RIS-FLÁS

CÓNTALLO EN GALEGO

Campaña de fomento da lingua galega
e da lectura no ámbito familiar



XUNTA DE GÁLICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



EDITORIAL GALAXIA

DIRIXIDO e COORDINADO POR EDITORIAL GALAXIA

FLIS-FLI-RIS-FLÁS (OBRA DE TEATRO)

Compañía Matapiollos

Actores **Jorge Yáñez**
Carlos Coira
Vestuario **ACFP**
Son e luz **Marta Rivas**
Dirección **Jorge Coira**
Texto **Araceli Gonda**
Jorge Coira
Matapiollos
Música e arranxos **Nacho Rodríguez**
Creación de monicreques **Matapiollos**

FLIS-FLI-RIS-FLÁS (conto)

Texto **Araceli Gonda**
Ilustración **Xosé Tomás**

PARA CONTAR e XOCAR (XOCOS PARA ENRENDAR NA CASA)

Texto **Francisco C. Díaz Rei**
Ilustración **Xosé Tomás**

CD

Dirección pedagóxica **Francisco C. Díaz Rei**
Ilustración **Xosé Tomás**
Realización técnica **Xosé Luís Orge**
Guión **Francisco Castro**
Xosé Luís Orge

OBXECTIVOS

Sensibilizar os pais e as nais sobre a importancia do uso da lingua galega no ámbito familiar.

Sensibilizar sobre a importancia do papel que xogan os pais e as nais na consolidación do hábito da lectura nos primeiros lectores (nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e os 7 anos).

PÚBLICO RECEPTOR

Poboación escolar de Primeiro Ciclo de Educación Primaria e as súas familias. Actualmente en Galicia hai aproximadamente 41.000 nenos e nenas destas idades.

estratexias

Invitar os rapaces e rapazas, e nalgúns casos as súas familias, a asistir a unha obra de teatro axeitada á súa idade, cunha alta calidade de realización e na que a lingua e a lectura teñen un gran protagonismo.

Fornecer aos pais e ás nais materiais e ferramentas que lles axuden a dar o primeiro paso para lograr que os seus fillos sexan futuros grandes lectores: contarlles contos, xogar coas palabras e construír historias con eles.



accións

Itinerancia Da OBRA FLIS- FLI-RIS-FLAS

FLIS-FLI-RIS-FLAS é a última obra da Compañía Matapiollos e está dirixida por Jorge Coira. Entre os valores que se tratan nela cómpre salientar a motivación á lectura, pois o libro e a lectura están moi presentes na trama e mesmo xogan un papel clave no seu desenlace. Tamén destaca o uso do galego como lingua vehicular na familia: falamos en galego, xogamos en galego e imaxinamos en galego.

Faranse un total de 75 representacións da obra, tentando así abranguer a maior cantidade posible de cativas e cativos aos que vai dirixida. Cando o aforo das salas o permita, invitarase a participar tamén os cursos de Educación Infantil de 4 e 5 anos e terceiro de primaria.

As representacións levaranse a cabo durante o tempo lectivo, de tal maneira que os centros escolares poidan programalas como unha das súas actividades pedagóxicas. Nas sete grandes cidades do país, realizaranse varias representacións durante o tempo non lectivo para darlle así tamén a oportunidade ás familias e ao alumnado doutros niveis educativos de asistir á función.



PROGRAMACIÓN DAS FUNCIÓNS

SETEMBRO

Martes 23 en Verín
Mércores 24 en Carballiño
Luns 29 en Cee
Martes 30 en Porto do Son



OUTUBRO

Mércores 1 en Boiro
Xoves 2 en Cambados
Venres 3 en Noia
Domingo 5 en Ourense
Luns 6 en A Estrada
Martes 7 en Lalín
Mércores 8 en Chantada
Venres 10 en Pontearreas
Mércores 15 en Tui
Xoves 16 en Tomiño
Venres 17 en A Guarda
Domingo 19 en Pontevedra
Mércores 22 en Vilagarcía
Xoves 23 en Ribeira
Venres 24 en Ames
Luns 27 en Redondela
Martes 28 en Bueu
Mércores 29 en Cangas
Xoves 30 en A Cañiza
Venres 31 en Sanxenxo



PROGRAMACIÓN DAS FUNCIÓNS

NOVEMBRO

Luns 3 en Narón
Martes 4 en Viveiro
Mércores 5 en Vilalba
Xoves 6 en Foz
Venres 7 en Cedeira
Martes 11 en O Barco
Mércores 12 en Xinzo De Lima
Xoves 13 en Ordes
Venres 14 en Melide
Luns 17 en Santacomba
Martes 18 en Carballo
Mércores 19 en Arteixo
Xoves 20 en Oleiros
Venres 21 en Muros
Domingo 23 en A Coruña (ás 12:00 e ás 17:00 h.)
Luns 24 en Sarria
Martes 25 en Monforte
Xoves 27 en Betanzos
Venres 28 en As Pontes
Domingo 30 en Santiago



DECEMBRO


Domingo 7 en Ferrol
Sábado 13 en Lugo
Sábado 20 en Lugo

* Funcións de Vigo, pendentes de data a confirmar



O CONTO

Todo o alumnado galego, tanto os que asistan ás representacións como os demais, recibirán o libro *Flis-fli-ris-flás*, que conta en forma de relato a aventura de Martiño, o neno protagonista da obra de teatro. Nestas idades, que os nenos coñezan xa a historia que van ler, axuda e motiva a lectura. Dado que o obxectivo desta campaña é chegar á totalidade da poboación escolar do Primeiro Ciclo de Educación Primaria e ás súas familias, a tiraxe chegou aos 42.000 exemplares.



Para contar e XOGAR

Na segunda parte do libro propóñense unha serie de propostas lúdicas sinxelas para que todos os pais poidan tirar proveito das historias que lles contan aos fillos e así gozar das primeiras lecturas compartidas.

Ofrécense tres clases de propostas:

- A ler e a contar: Consellos sinxelos para ler na procura do goce da palabra, das historias, do agasallo que sempre é compartir a lectura cos fillos e coas fillas.
- Xogos arredor do conto: A historia de Martiño pode ser a que é pero tamén outras moitas máis. Todo un reto para a imaxinación.
- Segredos para dicir en alto: Xogarrecursos artesanais para seguir gozando arredor do conto.

O CD inclúe recursos de apoio para os xogos e as técnicas propostas no libro, así como actividades interactivas. Porque os cativos e as cativas viven nun universo tecnolóxico e os trebellos electrónicos forman parte das súas vidas. Mais iso non ten por que excluír o pracer dun bo libro. Por iso, o cd ofrece xogos centrados nas historias que eles xa coñecen por teren lido o libro con anterioridade.

Un xeito ben moderno de exercitar a fantasía!



CARTEIS e FOLLETOS

Co obxectivo de divulgar esta campaña editáronse 42.000 trípticos de 190 milímetros de alto por 450 ancho, impresos en cuatricromía en papel de 250 gramos e cun verniz de sobreimpresión brillante e 2.000 carteis de tamaño A2 no mesmo papel, tamén impresos en cuatricromía.

Os carteis destinaranse a centros de ensino e espazos públicos relacionados coa cultura. O deseño correu por conta do ilustrador que realiza o resto da campaña.

Os trípticos, como xa se comentou, entregáronse aos nenos e nenas e ás e participantes na campaña, ademais de a educadores, bibliotecarios e outros axentes próximos ao contorno familiar e que poidan contribuir á consecución dos obxectivos fixados.

COORDINACIÓN e LOGÍSTICA

Editorial Galaxia responsabilízase da programación temporal da obra e da súa coordinación, en contacto coas concellerías ou responsables municipais correspondentes.

Tamén se ocupa da distribución da bolsa co libro, o folleto e o cd aos nenos e nenas participantes na campaña. Como xa se expuxo, os nenos e as nenas que asistan ás representacións recibirán a bolsa co material ao saír da función e a aqueloutros que vivan en localidades ás que non chegue a obra enviaráselle a bolsa ao equipo directivo do colexio para que lla entreguen.

FLIS-FLI-RIS-FLAS

Martiño é un rapaz que, coma todos, ten certos medos. Non soporta a escuridade e, cando chega o momento de ir durmir, fai todo o que pode para non quedar ás escuras.

Pero unha noite todo vai ser distinto e poderedes acompañar a Martiño ata un lugar cheo de emocións e aventura.

Este novo espectáculo da compañía Matapiollos introduce como un dos elementos principais a luz negra, o que permite crear mundos que atrapan aos pequenos e aos grandes.

Tamén cobra moita importancia a música, composta especialmente para esta obra, cunhas cancións que todo aprenderán a cantar.

A Compañía Matapiollos sempre mesturou distintas disciplinas nos seus espectáculos. Desta volta, á máxica luz negra e á música únese a aparición de monicreques no escenario.

Actores

Jorge Yáñez

Carlos Coira

Ficha técnica

Vestuario: ACFP

Son e luz: Marta Rivas

Dirección: Jorge Coira

Texto: Araceli Gonda, Jorge Coira e Matapiollos

Música e arranxos musicais: Nacho Rodríguez

Creación de monicreques: Matapiollos

Duración aproximada

50 minutos

Requisitos técnicos

Escenario: mínimo de 8 metros de boca por 5 de fondo.

Escuridade total na sala.

Toma de corrente no escenario.

CURRÍCULO
DE FRANCISCO
CÉSAR DÍAZ
REI

Formación

Diplomado en Formación do Profesorado.
Especialidade en Lingua.

Licenciado en Ciencias da Educación. Especialidade
en Pedagogía.

Licenciado en Filoloxía Hispánica.

Traballa no ensino público dende o ano 1995.

Durante os oito primeiros anos fíxoo como mestre
de Educación Primaria, pasando despois á ESO
como profesor de Lingua Castelá e Literatura.

Dende o curso 2006-2007 traballa como asesor de
formación do profesorado no Centro de Formación
e Recursos de Pontevedra. O seu labor de
asesoría abrangue, por unha banda, a planificación
lingüística nos centros de ensino e, por outra, os
contidos específicos das áreas de lingua, cunha
atención moi especial á competencia lectora.
Participou no primeiro curso de formación de
*Expertos en Planificación Lingüística en centros
educativos*, organizado pola Secretaría Xeral de
Política Lingüística.

No ámbito que nos interesa, participou en multitude
de actividades relacionadas coa dinamización de
bibliotecas escolares, elaboración de proxectos
lectores e creación de produtos multimedia
interactivos.

CURRÍCULO
DE XOSÉ LUÍS
MARTÍNEZ
ORGE

Xosé Luís Martínez Orge é enxeñeiro técnico en Informática de Xestión e desenvolve a súa actividade docente dende o ano 2000 como profesor asociado na Escola Superior de Enxeñería Informática do Campus de Vigo. Ten unha ampla experiencia no desenvolvemento de contidos interactivos relacionados coa educación en formatos cd e internet que se relacionan deseguido:

Visita o teu Campus, visita o teu futuro.

Campus de Ferrol, 2007.

Asesoría virtual. Cooperativas de Galicia, 2007

<http://www.cooperativasdegalicia.com/asistente>

As aventuras de Coopi. Cooperativas de Galicia,

2005 e 2006

<http://www.cooperativasdegalicia.com/educación>

Revista Galega do Ensino, 1993-2003. Dirección

Xeral de Política Lingüística, 2003

O Preguntoiro. Dirección Xeral de Política

Lingüística, 2003

<http://www.edu.xunta.es/preguntoiro>

A aventura máxica de Merliño. Dirección Xeral de

Política Lingüística, 2003

O aforcado de San Xoán, quebracabezas e

desfachibola. Dirección Xeral de Política

Lingüística, 2002

<http://www.edu.xunta.es/xogos>

CURRÍCULO DE XOSÉ TOMÁS

Xosé Tomás Díaz Teijo combina a profesión de profesor coa de ilustrador, intentando que unha alimente á outra e compaxinando o enfoque social co solitario e interior. Como debuxante, diversifica o seu traballo entre a ilustración, a banda deseñada, o humor gráfico en prensa, o cartelismo e os materiais multimedia. Ilustrou máis de trinta títulos de álbum infantil, novela xuvenil e libro de texto. Publica viñetas humorísticas para La Voz de Galicia e Tempos Novos e neste ano o concello da súa vila natal vaille publicar as *Historias de Betanzos* en banda deseñada.

O mundo multimedia, cos encargos da Xunta de Galicia, da Universidade da Coruña e outros, supón para Xosé Tomás un cambio de perspectiva, posto que o obxectivo é a pantalla, e detrás dela un rapaz que solicita interactividade.

CURRÍCULO
ARTÍSTICO DE
JORGE COIRA

2008

Padre Casares (Serie ficción, 13 x 60'. Voz Audiovisual para TVG)

2007

RIS Científica (Serie ficción, 2 x 50'. Videomedia para Telecinco)

¿Que culpa ten o tomate? (Longametraxe documental. Tic-tac Prod.)

Terra de Miranda (Produtor executivo) (Serie ficción, 26 x 65'. Voz Audiovisual para TVG)

Hugo Box (Video clip. Aphonníc)

Radio Magical (Video clip "Magical Brothers" para Club Xabarán, TVG)

2006

Mundo Verbena (Programa TV, 12 x 90'. Voz Audiovisual para TVG)

O menor dos males (montador) (Longametraxe de Antonio Hernández. Voz Audiovisual)

2005

As leis de Celavella (Serie ficción, 26 x 65'. Voz Audiovisual para TVG)

2004

O ano da carracha (Longametraxe. Filmanova. HD-35 mm)

2003

Little Girl (Video clip "Aphonníc". Casa de Tolos)

¿Que é o Atlántico? (Montaxe para a celebración do XV Aniversario do Pub Atlántico)

matapiollos

É un grupo formado por amigos do mundo da escena, narradores, magos, actores, pallasos... O colectivo naceu no ano 2001. Cada un dos compoñentes levaba tempo facendo cousas por separado cando recibiu unha chamada para facer maxia e animación para uns rapaces de gardería. Ante a dificultade de levar a cabo estas actividades para xente de tan curta idade, decidiron montar un espectáculo que reunise os contos, o mundo dos pallasos e a maxia; e que ademais se adaptase a esa idade tan temperá. Naquel momento tiñan o nome de Asesoría Contable Federico Pérez. Xa que isto era o que lles apetecía facer, puxéronse a traballar e montaron a compañía Matapiollos como grupo de teatro estable. Nestes anos prepararon catro montaxes de teatro tituladas *Unha de contos*, *Mario*, *A viaxe* e *Flis-flis-flás*. Ademais da actividade teatral, Matapiollos vén traballando noutros ámbitos como a animación infantil, os obradoiros, e outras moitas actividades culturais.

